



Departamento Municipal de Deportes de *Santiago*



PROTOCOLO BÁSICO DE ACTUACIÓN PARA O USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DURANTE A INCIDENCIA DO COVID-19

Actualización 11.11.2020.

INDICE

	<i>Páxina</i>
1. Introducción	3
2. Normativa e guías relacionadas	3
3. Destinatarios	6
4. Instalacións obxecto de solicitude	6
5. Requisitos xerais obrigatorios para entidades e usuarios	6
6. Requisitos comúns a todos os recintos	11
7. Normas específicas espazos deportivos	13
8. Zonas comúns	17
9. Normas de prevención para actuacións en caso de lesionados	18
10. Outras consideracións	19
Anexo 1	20
Anexo 2	21
Anexo 3	22
Anexo 4	23

PROTOCOLO BÁSICO DE ACTUACIÓN PARA USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DURANTE A INCIDENCIA DO COVID-19

INTRODUCCIÓN:

A pandemia COVID-19 representa unha das crises máis importantes da nosa historia recente, cun gran impacto dende o punto de vista sanitario, social e económico. Co fin de parar a súa expansión e evitar o desbordamento do sistema de saúde, diferentes países veñen adoptando un conxunto crecente de medidas centradas no fortalecemento da resposta no campo da saúde e reducir as taxas de contaxio ao conter a mobilidade de persoas e separación física no eido social e económico. No caso de España, a propagación da enfermidade obrigou a adoptar medidas das autoridades sanitarias e levaron posteriormente a aprobación do Real Decreto do 14 de marzo polo que se estableceu o estado de alarma, con importantes medidas restritivas de mobilidade e actividade económica.

Neste senso, o 28 de abril publicouse o “*Plan para la transición a la nueva normalidad*”, que indica no seu anexo II de “*Previsión orientativa para el levantamiento de la limitaciones de ámbito nacional establecidas en el estado de alarma*” unha serie de fases para o deporte profesional e federado e o deporte non profesional. Así pois, a nivel autonómico publicouse a Resolución do 12 de xuño de 2020, sobre as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e que nos seus artigos 3.20, 3.21, 3.22, 3.23 e 3.24 regula aquelas medidas que son de aplicación no ámbito da actividade física e do deporte.

Este protocolo pretende de facilitar a organización no proceso de apertura e uso das instalacións deportivas municipais nesta situación extraordinaria, por parte dos diferentes colectivos deportivos da nosa cidade, estando en todo momento supeditado ao que diten ao respecto as autoridades sanitarias e deportivas. Actualizarase de xeito continuado (total ou ben parcialmente), de acordo coas informacións e datos respecto da situación epidemiolóxica e criterios das autoridades sanitarias (sobre actividades deportivas, condicións de traballo...).

A presente guía ten un carácter complementario e subordinado as exigencias e pautas establecidas polas autoridades sanitarias e deportivas en cada momento e ten como obxectivo informar aos clubs e entidades deportivas do Concello de Santiago, que queiran reincorporar ao uso de Instalacións Deportivas Municipais.

O inicio da actividade deportiva realizase baixo demanda e de forma xustificada. En todo caso, o cumprimento de este protocolo corresponderá as entidades e os deportistas baixo a súa exclusiva responsabilidade.

NORMATIVAS E GUÍAS RELACIONADAS

Normativa estatal

- Ley 31/1995, de 8 de noviembre, de Prevención de Riesgos Laborales.
- Real Decreto 664/1997, de 12 de mayo, sobre la protección de los trabajadores contra los riesgos relacionados con la exposición a agentes biológicos durante el trabajo.
- Real Decreto 773/1997, de 30 de mayo, sobre disposiciones mínimas de seguridad y salud relativas a la utilización por los trabajadores de equipos de protección individual.
- Real Decreto 1591/2009, de 16 de octubre, por el que se regulan los productos sanitarios.
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19.

- Orden SND/344/2020, de 13 de abril, por la que se establecen medidas excepcionales para el refuerzo del Sistema Nacional de Salud y la contención de la crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19. <https://www.boe.es/boe/dias/2020/04/14/pdfs/BOE-A-2020-4442.pdf>
- Orden SND/388/2020, de 3 de mayo, por la que se establecen las condiciones de apertura al público de determinados comercios y servicios, y la apertura de archivos así como la práctica del deporte profesional y federado.
- **Resolución de 4 de mayo de 2020, de la Presidencia del Consejo Superior de Deportes, por la que se aprueba y publica el Protocolo básico de actuación para la vuelta a los entrenamientos y el reinicio de las competiciones federadas y profesionales.**
- Orden SND/399/2020, de 9 de mayo, para la flexibilización de determinadas restricciones de ámbito nacional, establecidas tras la declaración del estado de alarma en aplicación de la fase 1 del Plan para la transición hacia una nueva normalidad.
- Orden SND/414/2020, de 16 de mayo, para la flexibilización de determinadas restricciones de ámbito nacional establecidas tras la declaración del estado de alarma en aplicación de la fase 2 del Plan para la transición hacia una nueva normalidad.
- Orden SND/440/2020, de 23 de mayo, por la que se modifican diversas órdenes para una mejor gestión de la crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19 en aplicación del Plan para la transición hacia una nueva normalidad.
- **Consejo Superior de Deportes. Protocolo de actuación para la vuelta de competiciones oficiales de ámbito estatal y carácter no profesional (temporada 20/21).**
- **Real Decreto 926/2020, de 25 de octubre, por el que se declara el estado de alarma para contener la propagación de infecciones causadas por el SARS-CoV-2.**

Normativa autonómica

- **RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.**
- RESOLUCIÓN do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.
- RESOLUCIÓN do 17 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade de Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.
- Orde do 27 de agosto de 2020 sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.
- ORDE do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela.
- ORDE do 9 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela.
- ORDE do 9 de setembro de 2020 sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre

medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

- ORDE do 16 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela.
- **ORDE do 17 de setembro de 2020 sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.**
- ORDE do 23 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca de Santiago.
- ORDE do 7 de outubro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca de Santiago.
- ORDE do 14 outubro de 2020 pola que se establece unha medida de prevención específica como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDEN de 14 de outubro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia de la evolución de la situación epidemiológica derivada del COVID-19 en la comarca de Santiago.
- ORDEN de 21 de octubre de 2020 por la que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia de la evolución de la situación epidemiológica derivada del COVID-19 en la comarca de Santiago.
- DECRETO 178/2020, do 30 de outubro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado *de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2*.
- ORDE do 30 de outubro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Santiago de Compostela, Ames e Teo.
- DECRETO 179/2020, de 4 de novembro, del presidente de la Xunta de Galicia, por el que se adoptan medidas en el territorio de la Comunidad Autónoma de Galicia para hacer frente a la crisis sanitaria, en la condición de autoridad competente delegada en el marco del estado de alarma declarado por el Real decreto 926/2020, de 25 de octubre, por el que se declara el estado de alarma para contener la propagación de infecciones causadas por el SARS-CoV-2.
- ORDEN de 4 de noviembre de 2020 por la que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia de la evolución de la situación epidemiológica derivada del COVID-19 en la Comunidad Autónoma de Galicia.

Outras fontes de interese

- Ministerio de Sanidad en: <https://www.mscbs.gob.es/en/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/home.htm>
- Guía Deporte Galego “volvendo con sentidiño” nº1, nº2 e nº3.
- FAQs da Secretaría Xeral para o Deporte “Deporte con sentidiño”.

DESTINATARIOS

Con carácter xeral, as entidades deportivas debidamente inscritas no rexistro municipal de asociacións que presentaran en tempo e forma a solicitude de uso de instalación deportivas municipais para a tempada 2020/2021.

O carácter do uso das instalacións e de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e baixo a tutela dunha entidade deportiva (a excepción dos deportistas recollidos na orde do 27 de agosto de 2020 da Consellería de Sanidade e sempre que dispoñan da autorización pertinente da SXPD).

Todos usuarios das instalacións terán licenza federativa en vigor. En todo caso, os menores de idade precisarán dunha autorización por parte de nai, pai ou titor legal para o inicio da actividade, no que declaren responsablemente que son coñecedores dos riscos que implica a participación do interesado nas actividades no contexto da crise sanitaria provocada polo COVID-19, así como das medidas persoais de hixiene e prevención que son obrigatorias para o correcto desenvolvemento da actividade.

Á hora de definir con carácter xeral os criterios para o inicio do uso valorarase o carácter oficial da actividade, o nivel da categoría deportiva obxecto de solicitude e a necesidade de comezo da actividade por razóns competitivas.

No caso das pistas de atletismo, poderá solicitarse o uso das pistas de xeito individual por atletas con licenza federativa en vigor. Terase como primeiro criterio dar cobertura aos deportistas pertencentes aos clubs inscritos no rexistro municipal de asociacións. Estas solicitudes teranse en conta unha vez atendidas as solicitudes realizadas polas entidades, podendo o Departamento de Deportes establecer uns criterios de valoración destas solicitudes individuais en función da demanda.

Non é obxecto deste protocolo a organización de eventos ou campionatos de calquera tipo, a organización de actividades recreativas e de tempo libre, que requirirán dun protocolo propio para a actividade a desenvolver. Non é obxecto deste protocolo as actividades laborais, administrativas, actividades dos centros educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

INSTALACIÓNS OBXECTO DE SOLICITUDE

Instalacións obxecto de solicitude

- Instalacións deportivas municipais que determine o Departamento Municipal de Deportes.

Horarios das instalacións por quenda

- Establécense quendas de actividade, segundo modalidade individual ou colectiva, de entre 60' e 120' como máximo de duración.
- Entre quenda e quenda de actividade producirase o peche das instalacións para realizar tarefas de limpeza e/ou desinfección en zonas de uso frecuente e ventilación dos espazos cubertos de polo menos 30 minutos, segundo proceda.

REQUISITOS XERAIS OBRIGATORIOS PARA ENTIDADES E USUARIOS

- Presentación dunha **declaración responsable** no que poña de manifesto o coñecemento e aceptación expresa da normativa en vigor que afecta a actividade a desenvolver e das condicións de participación segundo modelo do anexo 1, que deberá dirixirse ao Departamento de Deportes do Concello de Santiago, xunto coa folla de asistentes pertencentes ao grupo estable de adestramento (anexo 3), o calendario de

competición aprobado e o protocolo elaborado pola Federación Galega correspondente, tanto para as actividades de adestramento como para as de competición. Toda a documentación deberá ser enviada como mínimo 72 horas antes do inicio da actividade.

- **As entidades deportivas designarán unha persoa coordinadora Covid-19**, que será a responsable de coordinación das medidas de prevención e control do Covid19 que se establecen nos protocolos e normativas correspondentes. Na instalación deportiva so poderán acceder os deportistas e cadro técnico mínimo necesario para o desenvolvemento da actividade, e o responsable/coordinador do club e a persoa responsable da hixiene e desinfección do material propio. **A persoa coordinadora Covid-19 remitirá ao Concello de Santiago todas as incidencias detectadas durante a actividade, debendo enviar como mínimo cunha frecuencia semanal unha valoración de organización, dinámicas de uso, cumprimento de medidas hixiénicas, etc...**
- Os usuarios deberá presentarse na conserxería de acceso a instalación para o seu identificación e verificación de horario.
- Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva de forma individual, sen contar, se é o caso, o monitor, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade (*ORDE do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*).
- No caso do deporte federado, será de aplicación o protocolo da federación deportiva correspondente a aprobado mediante resolución da Secretaría Xeral para o Deporte, no que se identifiquen as situacións potenciais de contaxio, atendendo ás vías recoñecidas polas autoridades sanitarias, e no que se establezan as medidas de tratamento de risco de contaxio adaptadas á casuística. O protocolo FISICOVID da ou das modalidades deportivas será, xunto con este protocolo, e o protocolo FISICOVID-DXTGALEGO da SXD de obrigado cumprimento pola entidade usuaria das instalacións.
- Utilizaranse a mascara durante todo o tempo de circulación entre espazos comúns das instalacións, e segundo determinen as autoridades sanitarias en cada momento.
- Deberanse limpar as mans coas solución hidroalcoolicas antes de entrar e o saír do recinto.
- Os adestradores e acompañantes autorizados, estarán suxeitos ás mesmas obrigacións que os deportistas.
- No caso de deportistas con discapacidade, permitirase acompañante, pero sempre mantendo as distancias de seguridade e as medidas de protección e hixiene que se establezan.
- Dado a heteroxeneidade existente de modalidades deportivas, cada unha delas con características e necesidades diferentes, poderán incluírse normas específicas en función das disciplinas.
- As entidades deportivas deberán ter, entre os seu material de traballo, polo menos, solución hidroalcohólica suficiente para o grupo que está desenvolvendo a actividade e material desinfectante autorizado polo Ministerio de Sanidade para desinfectar o material propio.
- A entidade deportiva deberá velar e responsabilizarse para que non poidan acceder á instalación os deportistas positivos en COVID 19, aínda que sexan asintomáticos, así como aqueles non diagnosticados pero que teñan algún síntoma.
- O persoal da entidade deportiva deberá utilizar os elementos de protección que en cada momento veñan determinados polas distintas normas, en especial, o uso de máscaras.
- Na instalación deportivas so poderán acceder os deportistas e o cadro técnico mínimo necesario para o desenvolvemento da actividade.

Uso de máscara:

- Os usuarios virán provistos de máscara. O uso da mesma durante a actividade establecerase segundo a natureza e tipoloxía da actividade, tal e como se indica na Resolución 17 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade de Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xullo de 2020, modificada pola orde do 9 de setembro de 2020. En todo caso, o uso da máscara é obrigatorio á entrada, na saída e nas zonas comúns da instalación. Cando non se utilice, é importante gardala axeitadamente para evitar que adquira ou transmita o coronavirus.

Actividades deportivas federadas

- Sempre que sexa posible, durante a práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica deberá manterse a distancia de seguridade interpersoal. Na realización de adestramentos e na celebración de competicións dentro da actividade deportiva federada de competencia autonómica, aplicarase, respecto ao uso da máscara, o recollido especificamente no protocolo das federacións deportivas respectivas aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte. En todo caso, no dito protocolo deberá preverse que cando a actividade deportiva supoña contacto físico entre as persoas que a practican deberá utilizarse a máscara, salvo que no protocolo respectivo se inclúan medidas alternativas de protección específicas.
- Na actividade deportiva de ámbito nacional estarase ao que se determine pola Federación Española respectiva ou, no seu defecto, polo que indiquen as autoridades deportivas.
- Será obriga dos deportistas/ técnicos/ staff...levar unha segunda máscara de recambio así como, un estoxo específico para gardala en caso necesario.

Condicións de uso da máscara.

- Deberá darse un uso axeitado á máscara, é dicir, esta deberá cubrir desde parte do tabique nasal ata o queixo, incluído.
- Ademais, a máscara que se debe empregar non deberá estar provista de válvula exhalatoria.

Excepcións á obriga de uso da máscara.

A obriga de uso de máscara non será exixible, entre outros, nos seguintes supostos:

- Cando se trate de persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.
- No caso de actividade física e deportiva en instalacións cubertas, o uso da máscara só quedará exceptuado para a realización de deportes que requiran a utilización de pistas específicas, tales como tenis, pádel, squash ou pistas polideportivas, exclusivamente durante a realización das ditas actividades específicas e sempre que a ocupación máxima da pista se axuste ás regras do xogo ou actividade deportiva e tendo en conta os protocolos aprobados para a dita instalación.

Principio de “autorresponsabilidade” e “voluntariedade”

Este protocolo parte desde a consideración de que cada un dos clubs, os seus dirixentes, responsables, xogadores/deportistas, técnicos, auxiliares, delegados, árbitros/xuíces de competición e os restantes membros das estruturas das federacións, son quen, coa súa actuación persoal e responsable garantirán a propia saúde, a das súas familias e a das demais persoas que compartan a afición pola práctica de deporte federado.

É responsabilidade dos clubs e organizadores, cumprir cos requisitos fixados polas autoridades e comunicar as federación correspondente así como ao Concello de Santiago de calquera incidencia ao respecto que imposibilite ou dificulte o desenvolvemento de adestramentos e competicións.

Ademais de considerarse unha obriga esencial, debemos incluír dentro do principio de autorresponsabilidade a comunicación inmediata ante calquera indicio de posibles síntomas sospeitosos da infección do COVID-19, a adopción de medidas de illamento inmediato e a non presenza individual en adestramentos e competicións cando se teña a sospeita de estar infectado o se estivera en contacto con algunha persoa da que teñamos sospeita de estar infectada.

A práctica deportiva federada é unha actividade VOLUNTARIA para cada un dos participantes.

As persoas e clubs que se integran nela se suxeitan voluntaria e libremente as normas que fixan as autoridades públicas competentes para os adestramentos e para a práctica deportiva federada de competición e sométense de maneira voluntaria e libre as normas que diten as Federacións autonómicas e territoriais e, no seu caso, as normas ditadas polas respectivas Federacións españolas.

Medidas xerais de prevención:

- Non acudir á instalación e informar de forma inmediata no caso de ter algún síntoma que poda ser compatible coa epidemia COVID-19, ou no caso de contacto con persoas infectadas.
- Realizar un auto test antes de ir cara a actividade deportiva, para confirmar se pode ter síntomas de COVID-19: teño febre, tos, ou falta de alento?
- Manter sempre a distancia mínima interpersoal con todos os usuarios e traballadores de 1,5 metros.
- A forma máis importante de previr a enfermidade é o lavado de mans con auga e xabón ou con xel hidroalcohólico, a fondo e con frecuencia.
- Hixiene respiratoria (esbirrar ou tusir contra o brazo co cóbado flexionado, uso de panos de papel e a súa eliminación tirándoo a bolsa ou cubo de lixo).
- Evitar o saúdo con contacto físico (non bicar, non abrazar, non dar a man, etc.)
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Todos os axentes deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición a ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exixible a calquera actividade deportiva.
- A entidade deportiva deberá garantir que os deportistas / persoal técnico dispoñen do material de prevención e protección (máscara, hidroxel, material específico para a actuación en caso de presenza de síntomas ...), xa sexa porque o pon a propia entidade organizadora da actividade ou porque os traen os deportistas, staff...
- Medidas de información: A entidade organizadora da actividade informará a todos os axentes que participen directa ou indirectamente na actividade sobre os riscos e medidas sanitarias e de hixiene que deben cumprir de forma individual. Deberá existir unha comunicación continua con todos os axentes da realidade deportiva. Facilitaralle ao staff, deportistas e outros axentes, información sobre as medidas de hixiene e seguridade, mediante paxina web, redes sociais, entrega de documentos (preferiblemente por vía telemática).
- Medidas de formación: a entidade deberá promover a formación (especialmente do seu staff) para adaptar as actividades ás medidas e recomendación marcadas polas autoridades sanitarias (revisión das actividades a desenvolver, suprimindo aquelas que promovan o contacto físico...), así como, a formación sobre as medidas hixiénicas sanitarias de carácter persoal recomendables (recoméndase a lectura das guías editadas pola Secretaría Xeral para o Deportes ao respecto, "Volvendo con Sentidiño").

Material deportivo

- As entidades que precisen utilizar material deportivo propio deberán de comunicalo previamente polo seu carácter excepcional ao Concello de Santiago e precisarán da autorización correspondente. Con carácter xeral, non se compartirá ningún material e, se isto non fose posible, garantirase por parte da entidade deportiva a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado e promoverase o seu emprego, (circunstancia que poderá ser controlada polo persoal de conserxería).
- As entidades deportivas deberán dispoñer obrigatoriamente de estacións de limpeza nas zonas do almacén que teñan autorizado para facilitar a desinfección do seu propio material ou equipamento pola persoa responsable que designen. Ditas estacións disporán do seguinte material e produto: un pulverizador desinfectante e dispensadores de papel cunha papeleira para depositar os desfeitos.

Material de protección dispoñible nas instalacións:

- Hidroalcohol (entrada e saída das instalacións)
- Xabón de mans (aseos e vestiarios)
- Papel desbotable (aseos e vestiarios)

Actuación en caso de presenza de síntomas

- No caso de que un membro do corpo técnico, deportista, etc., teña sintomatoloxía do virus COVID-19, deberá informar de xeito inmediato ao servizo galego de saúde para iniciar o protocolo previsto pola Consellería de Sanidade (<https://www.sergas.es/Saudepublica/Novo-coronavirus-2019-nCoV?idioma=es>).
- Neste senso, considérase sintomatoloxía do virus COVID-19 un cadro clínico de infección respiratoria aguda (IRA) de aparición súbita e de calquera gravidade, incluíndo febre, tose ou falta de alento, entre outros.
- Ante a presenza doutros síntomas atípicos como a odinofaxia, anosmia, ageusia, dores musculares, entre outros, é importante buscar outros indicios adicionais que apoiem a sospeita da infección. Será o xuízo clínico do profesional o que determine a realización de probas complementarias.
- En caso de detección dun sospeitoso por COVID-19 no entorno da práctica deportiva, deberanse seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias. A persoa afectada retirarse do grupo e conducirse a outro espazo, facilitándolle unha máscara cirúrxica. Este espazo deberá ser elixido previamente, e debería contar con ventilación adecuada, e unha papeleira de pedal con bolsa, onde tirar a máscara e panos que se poidan desbotar. Contactarase co centro de saúde correspondente á persoa ou co teléfono de referencia (900 400 116), e seguirán as súas instrucións.
- Se se percibira gravidade chamarase ao 061. Haberá que realizar unha boa ventilación, limpeza e desinfección deste espazo e do resto das estancias onde estivera a persoa, acorde á situación do risco. Será preciso tamén illar o contedor/papeleira onde se depositaran os panos ou outros produtos usados. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito no lugar onde se determine. En todo caso, seguiranse en todo momento as recomendacións das autoridades sanitarias.
- En caso de detección dun positivo no grupo de adestramento, dentro do persoal, corpo técnico ... deberá comunicalo de forma inmediata as autoridades sanitarias e informar por escrito ao Concello de Santiago por si fora necesario a adopción de algunha medida excepcional.
- As entidades deportivas, por medio do coordinador ou persoal técnico responsable do grupo e previo ao inicio da sesión, deberá entregar o formulario (ver anexo 3) que porá a súa disposición o Departamento de Deportes indicando o nome das persoas da

entidade que asistirán ao adestramento, o seu número de DNI e licenza deportiva. Unha vez finalizadas a actividades se deberá informar de calquera circunstancia xurdida ao longo da actividade susceptible de ter en conta por mor da extraordinaria situación sanitaria: abandono anticipado da actividade, presenza de síntomas compatibles coa enfermidade...

REQUISITOS COMÚNS A TODOS OS RECINTOS

PROCEDEMENTOS E CUESTIÓNS XERAIS

Neste apartado descríbense de forma resumida pautas de hixiene e limpeza a realizar con carácter xeral nas instalacións. En calquera caso, sempre estará supeditado a valoración que fagan as empresas especialista de limpeza contratadas polo Concello de Santiago para esta finalidade. Con carácter xeral:

- Antes da apertura, realizarase unha limpeza e desinfección xeral de todas as estancias e do mobiliario das instalacións deportivas. As frecuencia tipo de limpeza e/ou desinfección incorpóranse como anexo IV a este documento, tendo carácter orientativo para a súa consulta.
- Utilizaranse desinfectantes con actividade virucida que se atopan no mercado e que foron autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso dese produto respectarase as indicacións da etiqueta.
- Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección utilizados eliminarse de forma segura, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.
- Farase especial fincapé na frecuencia de limpeza e desinfección de superficies de alto contacto, como a recepción, os mostradores, o material de adestramento, as máquinas, as varandas, os pomos, os pulsadores, así como en todos os elementos de uso recorrente.
- Realizaranse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por espazo de polo menos 30 minutos ao inicio e final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e obrigatoriamente ao finalizar cada clase ou actividade de grupo.
- Levarase un rexistro diario e actualizado dos traballos realizados por instalación, no que se detallen as tarefas de limpeza e ventilación.
- Asegurarase a reposición permanente de xabón nos dosificadores dos lavabos e aseos para facilitar e garantir o lavado de mans dos usuarios e traballadores durante a estancia nas instalacións.
- Incrementarse o protocolo de revisión de papeleiras e retirada de residuos.
- Con carácter obrigatorio, o persoal deberá seguir as medidas adoptadas polos correspondentes servizos de prevención de riscos laborais da súas empresas. De igual forma, os traballadores do Concello deberán adoptar as indicacións propostas polo Departamento de Prevención de Riscos do Concello de Santiago.
- Colocarase cartelería en lugar visible na instalación para informar e lembrar aos usuarios e traballadores a obrigación de cumprir coas medidas de hixiene e protección establecidas pola autoridade sanitaria contra o Covid-19.

PREVIO Á APERTURA E CONSIDERACIÓNS XERAIS

- Formar ao persoal nos novos protocolos de reapertura (distanciamento social, limpeza, vixilancia, axuda, consultas,...) para garantir a súa seguridade e a dos usuarios.
- Despois do uso de cada quenda: limpeza de zonas e elementos comúns (manillas, chans, bancos, etc...)
- Cando os centros dispoñan de ascensor, utilizaranse preferentemente as escaleiras. Cando sexa necesario utilízalos, a súa ocupación máxima será dunha persoa, salvo que se trate de persoas conviventes ou que empreguen máscaras todos os ocupantes.
- O aforo limitado ao disposto no anexo 2, podendo existir maiores restricións de aforo segundo a situación sanitaria na que nos atopemos.
- A circulación dentro do recinto farase empregando máscara (obrigatorio).
- Limitarase ao máximo posible o emprego de documentos en papel e a súa circulación.
- Confirmación segundo solicitude dos deportistas que accederon: hora, espazo utilizado e incidencias xurdidas.
- Os equipamentos deportivos da instalación (porterías, canastas, banquillos...) serán desinfectados diariamente.
- Procederase á apertura de portas e xanelas (cando sexa posible) que faciliten a ventilación dos espazos.
- Evitar tocar portas e resto dos equipamentos da instalación na medida do posible (manteranse as portas abertas con este fin).
- O uso de vestiarios estará con carácter xeral fóra de servizo, en todo caso estará condicionado á modalidade deportiva.
- As bolsas, mochilas ou efectos persoais só se poderán deixar nos espazos habilitados para ese fin.
- Cada instalación deportiva disporá dunha copia deste protocolo para coñecemento xeral dos seus usuarios, que tamén estará publicado na páxina web do Departamento de Deportes deportes@santiagodecompostela.gal

ACCESOS:

- Deberase facer un control estrito do acceso ás instalacións, restrinxido ás persoas debidamente autorizadas (anexo 3), para poder controlar o aforo que se determine. O seu incumprimento será responsabilidade exclusiva da entidade solicitante.
- Respetaranse os horarios establecidos e a distancia social. Non se permitirá o acceso a instalación ata a hora asignada, establecéndose unha franxa horaria de acceso de 15 minutos.
- Respetarase en todo momento a distancia social de seguridade.
- O acceso ao recinto farase empregando máscara (obrigatorio).
- As portas de acceso/saída á instalación permanecerán abertas e soamente serán manipuladas polo persoal da instalación/limpeza.
- Diferenciar acceso de deportistas e público (de ser o caso), así como a diferenciación da entrada e saída (cando a instalación o permita).

- Os usuarios deberán acceder a través das alfombras virucidas instaladas nos recintos, segundo proceda.
- Utilizaranse marcas, balizas, cartelería ou sinalización para garantir o mantemento da distancia interpersonal de seguridade e realizar un mellor control dos accesos e xestión de persoas ao efecto de evitar calquera tipo de aglomeración.
- Unha vez no interior da instalación os usuarios deberán seguir atentamente as indicacións do persoal de conserxería e seguir as sinais marcadas que indican os percorridos de entrada e saída da instalación.
- Non se permite deixar material persoal ou da entidade na instalación, polo que antes de abandonar o recinto de xogo será necesario recoller a sala e deixala liberada para os usos posteriores.

NORMAS ESPECÍFICAS ESPAZOS DEPORTIVOS

1. PISTAS DE ATLETISMO

Utilización por parte dos usuarios

- O uso limitarase ás PISTAS DE ATLETISMO, non podendo utilizar o céspede do campo de xogo para lanzamentos, carreiras ou calquera outra actividade deportiva.
- Aforamento máximo de 50 usuarios incluído os adestradores. Durante a actividade manteranse en todo momento as distancias de seguridade establecidas polas autoridades sanitarias. Admitirase un máximo de 3 persoas na zona de salto de lonxitude.
- Con carácter xeral, os vestiarios estarán fora de servizo. Deberase acudir vestidos coa roupa deportiva que utilizarán durante o adestramento.
- A zona habilitada para os adestradores é a zona dos banquillos.
- Con carácter xeral, utilizaranse os carreiros 1,3,6; os carreiros 2,5,8 permanecerán pechados e os carreiros 4 e 7 utilizaranse para a volta. A carreira realizase sempre en sentido contrario ás agullas do reloxo.
- Antes de entrar na pista de atletismo, limpar as mans cos hidroxeles que hai na entrada do mesmo.
- Os deportistas deberán utilizar máscara segundo indicado no apartado USO DE MÁSCARA.
- Os técnicos ou adestradores deberán utilizar máscara.
- Todo o material ou roupa dos usuarios deixarase nos espazos definidos en mochila ou bolsa de deporte pechada e mantendo a distancia de seguridade.
- Uso individual de botellas de auga ou bebidas isotónicas, unha vez finalizadas deberán depositarse nas papeleiras.
- Evitarase tocar elementos da instalación que non sexan necesarios.
- Utilizaranse panos de un so uso para evitar cuspir ou derramar fluídos ou mucosidades, que terán que ser desbotados na papeleiras.
- As entidades que precisen utilizar material deportivo propio deberán de comunicalo previamente ao Concello de Santiago e precisarán da autorización correspondente. A utilización realizarase baixo o compromiso da entidade de bo uso e a súa desinfección, segundo o definido no apartado “material deportivo”.

- Os aseos a empregar serán os determinados polo persoal de conserxería da instalación.

2. CAMPOS DE FÚTBOL

Utilización por parte dos usuarios

- O aforamento será dun equipo completo en medio campo (máximo 25 usuarios incluído adestradores). Os medio campos utilizaranse de forma completamente independente formándose grupos de adestramento de composición estable, que se deberán remitir ao Concello de Santiago mediante o anexo 3. Nestes grupos estables de adestramento non poderán existir cambios entre xogadores.
- Permitirase a práctica deportiva, mantendo as debidas medidas de seguridade e protección e, en todo caso, a distancia social de seguridade de 1,5 metros . Na práctica de deporte federado seguirase o indicado no protocolo de aplicación aprobado pola SXP.
- Antes de entrar no campo, limpar as mans cos hidroxelos que hai na entrada do mesmo.
- Con carácter xeral os vestiarios estarán fora de servizo. Deberase acudir vestidos coa roupa deportiva que utilizarán durante o adestramento.
- O calzado deportivo específico a utilizar na zona de xogo deberá ter ese uso exclusivo (non permitíndose o calzado utilizado na rúa).
- Na medida do posible, evitase o uso simultáneo de dúas entidades diferentes a mesma quenda.
- Os deportistas deberán utilizar máscara segundo indicado no apartado USO DE MÁSCARA.
- Os técnicos ou adestradores deberán utilizar máscara.
- Todo o material ou roupa dos usuarios deixarase nos espazos designados nas zonas habilitadas para isto en cada caso.
- Uso individual de botellas de auga ou bebidas isotónicas, unha vez finalizadas deberán depositarse nas papeleiras
- Evitase tocar elementos da instalación que non sexan necesarios.
- Utilizaranse panos de un so uso para evitar cuspir ou derramar fluídos ou mucosidades, que terán que ser desbotados na papeleiras.
- As entidades que precisen utilizar material deportivo propio deberán de comunicalo previamente ao Concello de Santiago e precisarán da autorización correspondente. A utilización realizarase baixo o compromiso da entidade de bo uso e a súa desinfección segundo o definido no apartado “material deportivo”.

3. PAVILLÓNS

Utilización por parte dos usuarios

- O aforamento será dun equipo completo (máximo 25 persoas incluíndo adestradores). O aforo poderá ser inferior en función da modalidade e instalación segundo determine o Departamento de Deportes. Formaranse grupos de adestramento de composición

estable, que se deberán remitir ao Concello de Santiago mediante o anexo 3. Nestes grupo de adestramento estable non poderán existir cambios na relación de deportistas.

- Permitirase a práctica deportiva mantendo as debidas medidas de seguridade e protección e, en todo caso, a distancia social de seguridade de 1,5 metros. Na práctica de deporte federado seguirase o indicado no protocolo de aplicación aprobado pola SXPB.
- Con carácter xeral os vestiarios estarán fora de servizo. Deberase acudir vestidos coa roupa deportiva que utilizarán durante o adestramento.
- O calzado deportivo específico a utilizar na zona de xogo (patíns, tenis...) deberá ter ese uso exclusivo (non permitíndose o calzado utilizado na rúa).
- Antes de entrar na pista, os usuarios limparán as mans cos hidroxeles que hai na entrada do mesmo.
- Os deportistas deberán utilizar máscara segundo indicado no apartado USO DE MÁSCARA.
- Os técnicos ou adestradores deberán utilizar máscara.
- Uso individual de botellas de auga ou bebidas isotónicas, unha vez finalizadas deberán depositarse nas papeleiras
- Evitarase tocar elementos da instalación que non sexan necesarios.
- Utilizaranse panos de un so uso para evitar cuspir ou derramar fluídos ou mucosidades, que terán que ser desbotados na papeleiras.
- As entidades que precisen utilizar material deportivo propio deberán de comunicalo previamente ao Concello de Santiago e precisarán da autorización correspondente. A utilización realizarase baixo o compromiso da entidade de bo uso e a súa desinfección segundo o definido no apartado “material deportivo”.

4. SALAS DE ACTIVIDADE

Utilización por parte dos usuarios

- O aforamento máximo de cada sala pode consultarse no anexo 2. Poderá ser inferior en función da modalidade e instalación segundo determine o Departamento de Deportes. Formaranse grupos de adestramento de composición estable, que se deberán remitir ao Concello de Santiago segundo o anexo 3.
- Permitirase a práctica deportiva mantendo as debidas medidas de seguridade e protección e, en todo caso, a distancia social de seguridade de 1,5 metros. Na práctica de deporte federado seguirase o indicado no protocolo de aplicación aprobado pola SXPB.
- Antes de entrar na sala, os usuarios limparán as mans cos hidroxeles que hai na entrada do mesmo.
- Os deportistas deberán utilizar máscara segundo indicado no apartado USO DE MÁSCARA.
- Os técnicos ou adestradores deberán utilizar a máscara.
- Uso individual de botellas de auga ou bebidas isotónicas, unha vez finalizadas deberán depositarse nas papeleiras
- Evitarase tocar elementos da instalación que non sexan necesarios.

- Utilizaranse panos de un so uso para evitar cuspir ou derramar fluídos ou mucosidades, que terán que ser desbotados na papeleiras.
- As entidades que precisen utilizar material deportivo propio deberán de comunicalo previamente ao Concello de Santiago e precisarán da autorización correspondente. A utilización realizarase baixo o compromiso da entidade de bo uso e a súa desinfección segundo o definido no apartado “material deportivo”.

5. SALAS DE MUSCULACIÓN

- O aforamento máximo de cada sala pode consultarse no anexo 2. Permitirase a práctica deportiva individual, sen contacto físico, mantendo as debidas medidas de seguridade e protección e, en todo caso, a distancia social de seguridade de 1,5 metros.
- Antes de entrar na sala, os usuarios limparán as mans cos hidroxeles que hai na entrada do mesmo.
- Os deportistas, técnicos e/ou adestradores deberán utilizar a **máscara en todo momento.**
- Uso individual de botellas de auga ou bebidas isotónicas, unha vez finalizadas deberán depositarse nas papeleiras
- Evitarase tocar elementos da instalación que non sexan necesarios.
- Utilizaranse panos de un so uso para evitar cuspir ou derramar fluídos ou mucosidades, que terán que ser desbotados na papeleiras.
- Permitirase de forma excepcional a utilización deste tipo de espazos por aquelas entidades que acrediten a súa necesidade, precisando a correspondente autorización do Concello de Santiago. A utilización realizarase baixo o compromiso da entidade de bo uso e da súa limpeza e desinfección **antes e despois de cada uso individual de todo o material empregado e susceptible de ser tocado.**
- Este prohibido o uso simultáneo de dúas máquinas/aparatos que non manteñan entre si unha distancia mínima de 2 metros.
- Para o uso do ximnasio cada deportista deberá **utilizar unha toalla** para interpoñer entre o corpo e as máquinas.

COMPETICIÓN

No caso da actividade competitiva, esta estará a disposición dos protocolos federativos propios aprobados polas autoridades deportivas e dun protocolo propio adaptado a instalación donde se realice a competición, así como a restante normativa de carácter deportivo ou sanitario vixente en todo momento.

Con carácter xeral, está prohibido o acceso de público e/ou acompañantes as instalacións deportivas. Coa excepción daquelas actividades (competición e/ou eventos) que se autoricen polo Departamento de Deportes coa presenza de seareiros.

Para elo, se estará ao disposto, en cada momento, polas autoridades sanitarias e as normas específicas que se diten. Inicialmente as normas serán:

- Aforo limitado ao disposto na autorización da actividade polo Departamento de Deportes.

- Responsabilidade da entidade deportiva do cumprimento da normativa en canto a aforo, control do mesmo e respecto das medidas de seguridade dispostas, con especial atención a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.
- Obrigatoriedade de uso de máscara en todo o momento que se permaneza na instalación, tanto pechadas como abertas.
- O público, durante a competición, deberá permanecer sentado. Non están permitidas as localidades de pé.

ZONAS COMÚNS

Aseos

Previo á apertura

- Realizarase unha limpeza xeral diaria previa á apertura do recinto, tanto en xornada de mañá como de tarde.
- Dotaranse de material de limpeza e hixiene para utilización polos usuarios: rolos de papel, papeleiras, dosificadores de mans con xabón ou hidroxel.
- Inicialmente estableceranse 2 limpezaas diarias a maiores, unha por xornada, ou as que se determinen especificamente por recinto segundo o volume posible de usuarios.

Utilización por parte dos usuarios

- Con carácter xeral, a súa ocupación máxima será dunha persoa.
- Non se poderán utilizar para outro fin que o propio, e polo tempo imprescindible.
- Desbotar os panos ou calquera material desbotable nas papeleiras.
- Non está permitido beber das billas dos lavabos.
- Recoméndase a limpeza das mans con xabón, antes e despois do seu uso.

Vestiaros

- Con carácter xeral, os vestiarios das instalacións deportivas estarán fóra de servizo para os adestramentos. Nas instalacións deportivas o aire libre os vestiarios poderán ter unha regulación especial para dar servizo de aseo e utilización en casos de forza maior (terán carácter rotatorio asignándose un vestiario a cada equipo).
- No momento no que se autorice a utilización dos vestiarios e/ou das duchas, so se poderán empregar os asignados previamente polo Departamento de Deportes, cun estrito cumprimento do aforo máximo permitido (sinalizado a entrada do mesmo), e polo tempo determinado (como máximo 10 minutos) , respetando o disposto ao efecto nas medidas xerais de prevención e hixiene fronte ao COVID-19 indicadas polas autoridades sanitarias.

Utilización por parte dos usuarios (no momento en que se procede a súa reapertura)

- Os vestiarios asignados a cada grupo dos equipos usuarios deberán ser, na medida do posible, utilizados sempre polas mesmas persoas do grupo de tal xeito que se poda facer un correcto seguimento do seu uso.
- Se recomenda que os pequenos grupos que se forman para o uso dos vestiarios sexan os mesmos en todas as sesións para facilitar, de selo caso, a trazabilidade dos posibles contaxios de COVID-19.

Almacéns.

Utilización por parte dos usuarios

- Con carácter xeral, o material almacenado nas instalacións será o MINIMO e IMPRESCINDIBLE.
- Establecerase unha zona ACOTADA por entidade, debendo respetar escrupulosamente dito espazo. O seu incumprimento poderá conlevar a suspensión do uso da instalacións.
- A desinfección do material utilizado polas entidades será da súa estricta responsabilidade debendo ser desinfectado antes, durante e despois do seu uso.
- Os equipamentos deportivos singulares (por exemplo, os tatamis de loita, iudo...) deberán de ser desinfectados **pola entidade solicitante** entre quenda e quenda de actividade, ou de ser o caso, estableceranse as medidas específicas que garantan a súa limpeza e desinfección, sempre baixo o compromiso expreso de limpeza e desinfección da entidade.

NORMAS DE PREVENCIÓN PARA ACTUACIÓNS EN CASO DE LESIONADOS

MEDIDAS PARA O PERSOAL DAS ENTIDADES DEPORTIVAS EN CONTACTO ESTREITO CON DEPORTISTAS LESIONADOS:

- Limitarase o número de persoas na sala de enfermaría ao persoal responsable e o lesionado.
- Débese solicitar ao lesionado que realice unha correcta hixiene de mans, se é posible con auga e xabón ou se non cunha solución hidroalcohólica, que debe estar dispoñible no centro
- O profesional tamén debe realizar unha correcta hixiene de mans e sempre en cada un dos seguintes momentos:
 - Antes do contacto co lesionado.
 - Antes de realizar unha técnica aséptica.
 - Despois do contacto con fluídos biolóxicos.
 - Despois do contacto co paciente.
 - Despois do contacto coa contorna do paciente.
- Ademais, realizarase hixiene de mans antes de colocarse os elementos de protección e despois da súa retirada. O utilizar luvas non exime de realizar a correcta hixiene de mans tras a súa retirada. Se as mans están visiblemente limpas a hixiene de mans realizarase con solucións hidroalcohólicas ou desinfectantes con actividade virucida; se estivesen sucias ou manchadas con fluídos realizarase con auga e xabón antiséptico.
- O lesionado deberá levar máscara cirúrxica. O profesional poderá levar máscara cirúrxica no caso de que o lesionado non presente sintomatoloxía respiratoria e non realícense prácticas asistenciais nas que se xeren bioaerosóis.
- O persoal da entidade deberá levar protección respiratoria do tipo FFP2 en caso de ter que prestar asistencia a un lesionado con sintomatoloxía respiratoria ou ben cando por motivos xustificadas o lesionado non poida portar máscara cirúrxica.
- O profesional deberá utilizar luvas de protección dun só uso.
- A cabeza do lesionado sempre deberá estar virada en dirección contraria á zona de traballo do profesional.
- Indicaráselle ao lesionado que non deberá tocar nada da sala de exploración.

- Ao finalizar o traballo, débese cumprir unha estrita hixiene de mans antes e despois do contacto co lesionado e da retirada do EPI e unha desinfección do aparataxe utilizado (en especial se é de uso común).
- O procedemento de limpeza e desinfección das superficies e dos espazos en contacto co paciente, así como o material utilizado para a atención dos mesmos, farase de acordo coa política habitual de limpeza e desinfección do centro.
- O sangue ou outros fluídos corporais (vómitos, diarrea...) do paciente recolleranse previamente sen arrastre con material absorbente e desbotable.
- Tras a realización de procedementos que xeran aerosois procederase á limpeza da sala e a ventilación da mesma durante dúas horas antes de volver poder ser utilizada.
- Débese realizar a limpeza e desinfección das superficies coas que estivo en contacto o lesionado e/ou as súas secrecións. A limpeza e desinfección realizarase cun desinfectante autorizado polo ministerio de sanidade. Por exemplo, este virus se inactiva tras 5 minutos de contacto con desinfectantes de uso polo público en xeral, como a lixivia ou cunha solución de hipoclorito sódico que conteña 1.000 ppm de cloro activo (dilución 1:50 dunha lixivia con concentración 40-50 g/litro preparada recentemente).
- Recoméndase que os materiais desbotable que o persoal empregue sexan refugados en papeleiras ou contedores protexidos con tapa e, se é posible, accionados por pedal.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS.

As entidades solicitantes que teñan unha cesión de uso de varias horas continuas por recinto, deberán de presentar un cadro de ocupación detallado por franxa horaria e equipo considerando os tempos obrigatorios de peche de instalación (30´inicialmente entre grupo e grupo).

A maiores, deberán entregar unha listaxe nominal por grupo estable de adestramento que acudirán ás instalacións segundo as horas asignadas previas polo Departamento de Deportes, tendo en conta os condicionantes existentes durante a incidencias do Covid-19 (cadranes de limpeza, ventilación, desinfección de material...).

Os grupos de adestramento deberán, con carácter xeral, manterse estables na súa composición mentres continúe esta situación extraordinaria. É responsabilidade da entidade, garantir esta circunstancia que vai redundar nun mellor control sanitario.

Partidos amigables

Con carácter xeral, non está permitido a disputa de partidos amigables. A súa celebración excepcional, requirirá a autorización expresa das autoridades deportivas e sanitarias (de ser o caso), así como da autorización expresa do Concello de Santiago. Estes eventos contarán cun protocolo específico elaborado pola entidade organizadora e adaptado para a instalación deportiva solicitada. A súa solicitude realizarase con 7 días de antelación.

Cafeterías

Con carácter xeral, non están permitidos os servizos puntuais de cafetería.

Lavanderías

Con carácter xeral, procederase ao peche das lavanderías.

Salas de enfermería

Con carácter xeral, non está permitido o uso de salas de enfermería ou similares para a realización de tratamentos fisioterápicos e/ou masaxe. No caso de equipos de nivel nacional que consideren imprescindible prestar este servizo, deberá de tramitar unha solicitude que se acompañara cun protocolo específico para este uso (medidas de desinfección, aforo, EPIs utilizados, medidas de ventilación...) que requirirá da aprobación do Concello de Santiago.

ANEXO 1: DECLARACIÓN RESPONSABLE E ACEPTACIÓN DE CONDICIÓNS DA PARTICIPACIÓN NA VOLTA AOS ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓNS DA ENTIDADE USUARIA EN SITUACIÓN POR COVID-19

Entidade deportiva:			
CIF			
Domicilio social		Núm	Porta
CP	Municipio	Teléfono	
Número de rexistro Municipal de asociacións			
Representante entidade deportiva (membro da xunta directiva)			
DNI	Nome e apelidos:		
Correo electrónico de contacto			

Solicito

- Que a entidade que represento poida desenvolver os seus adestramentos e competicións nas instalacións deportivas municipais que se lle asignen en función da solicitude horaria que presente previamente e, tendo en conta a disposición organizativo do Departamento de Deportes, para o cao lin con detalle a información proporcionada polo Concello de Santiago e acepto as condicións de participación adoptando as medidas oportunas e necesarias.

Declaro baixo a miña responsabilidade:

- Que a actividade obxecto de solicitude cumpre todos os requisitos establecidos na normativa vixente para o desenvolvemento da mesma, que dispoño da documentación que así o acredita e que a poñerei a disposición da Administración Municipal cando sexa requirido para iso.
- Que me comprometo a entrega dunha listaxe dos deportistas pertencentes á entidade para os que se solicita o uso das instalacións, indicando o nome, apelidos, idade e número de licenza federativa.
- Que a entidade está inscrita no rexistro municipal de asociacións (exentas deste requisito as federacións galegas e /ou entidades de ámbito autonómico) e cumpre co establecido nos estatutos da entidade conforme a Lei 3/2012 do Deporte de Galicia.
- Que a entidade que represento dispón das declaracións responsables, aceptación e compromisos individuais de cada un dos membros da entidade que participarán na actividade nas instalacións deportivas municipais.
- Que a entidade que represento coñece as circunstancias excepcionais actuais, os protocolos e as normas establecidas para garantir a saúde e seguridade de todos os participantes antes, durante e con posterioridade a actividade a desenvolver na instalación. En especial o coñecemento, aceptación e cumprimento do protocolo FISICOVID-DXTGALEGO da Secretaría Xeral para o Deporte, e o protocolo FISICOVID da correspondente federación deportiva.
- Que me comprometo a cumprir coa normativa en materia hixiénico-sanitaria e seguridade tanto dos participantes coma do persoal adscrito á dita actividade (de ser o caso).
- Que teño contratado un seguro de responsabilidade civil, segundo a disposición transitoria terceira da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e todos os participantes dispoñen da correspondente licenza federativa, así como o seguro deportivo/sanitario obrigatorio.
- Que me comprometo a respectar a normativa de uso e funcionamento das instalacións deportivas, así como as obrigas establecidas polas autoridades sanitarias e deportivas en relación a crise do covid-19, durante o período de tempo que dure a cesión das instalacións deportivas municipais, así como darlle traslado aos deportistas e adestrados da entidades.
- No caso de utilización de material deportivo propio da entidade, comprométome a solicitar autorización e establecer un protocolo que garanta a súa limpeza a desinfección segundo a normativa vixente.
- Que a entidade que represento coñece e acepta expresamente o protocolo de uso das instalacións deportivas municipais, así como as indicacións que reciba directamente do persoal do Departamento de Deportes, e en especial do persoal de conserxería e limpeza das instalacións.
- Que a entidade que represento exime, expresamente, ao Concello de Santiago de calquera responsabilidade que traia causa da situación sanitaria existente.

Pola mesma, noméase coordinador responsable da entidade deportiva da entidade deportiva a efectos do disposto no protocolo Básico de actuación para o uso das instalacións deportivas municipais, a D. /Dna. _____ con NIF _____ e teléfono de contacto _____

Santiago de Compostela, _____ de _____ de 2020

Sinatura do representante da entidade

ANEXO 2: AFOROS MÁXIMOS INSTALACIÓNES DEPORTIVAS MUNICIPAIS CON RESPECTO DO USO DEPORTIVO (adestramentos práctica federada)

ESPAZO DEPORTIVO	AFORO MÁXIMO PROTOCOLO
Campo de Fútbol de Santa Isabel	Equipo completo (ata un máximo de 25 persoas (1/2 campo))
Campo de Fútbol de As Cancelas	
Campo de Fútbol de Sergas	
Campo de Fútbol de Villestro	
Campo de Fútbol de Conxo	
Campo de Fútbol de Belvís	Equipo completo (ata un máximo 25 persoas campo)
Pavillón Municipal de Santa Isabel	Equipo completo (ata un máximo de 25 persoas)
Pavillón Municipal de Vite	
Pavillón Municipal de Restollal	
Pavillón Municipal Fontiñas	
Pavillón Municipal Pontepedriña	
Pavillón Municipal de Lorenzo de la Torre	
Pavillón Municipal Roxos	
Pavillón Municipal Vite CP	
Pavillón Municipal Apóstol Santiago	
Pavillón Municipal Monte dos Postes	
Pavillón Municipal Quiroga Palacios	
Pavillón Municipal Pio XII	
Pavillón Municipal Lamas de Abade	
Pistas de Atletismo Estadio Verónica Boquete	50 persoas
Sala de Prensa Estadio Verónica Boquete	10 persoas
Sala de actividade Verónica Boquete	10 persoas
Sala de actividade Restollal	10 persoas
Sala de actividade Fontiñas	
Sala de actividade Santa Isabel	6 persoas
Sala de musculación Santa Isabel	10 persoas

O aforo máximo dos vestiarios será o disposto, en cada momento, polas autoridades sanitarias. Na actualidade, está fixado en 4m²/persoa, este aforo estará especificado individualmente na entrada dos vestiario.

ANEXO 4. ESTRUCTURA DA FRECUENCIA DA LIMPEZA, DESINFECCIÓN E VENTILACIÓN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

No seguintes cadros establécense as frecuencias de limpeza, desinfección e ventilación, a realizar con carácter xeral, nas instalacións deportivas municipais. Este cadro, ten carácter informativo e pretende facilitar a organización no proceso de apertura das instalacións estando en todo momento supeditado ao que diten ao respecto as autoridades sanitarias e deportivas. Actualizarase de acordo coas informacións e datos respecto da situación epidemiolóxica e criterios das autoridades sanitarias.

As frecuencias poderán sufrir alteracións en función das seguintes consideracións:

- O tamaño e características da instalación deportiva e o nivel de uso da instalación deportiva.
- A tipoloxía da actividades deportivas a realizar na instalación (hai que ter en conta que os tempos das actividades son estimados)
- Inicialmente os vestiarios están fóra de servizo.

POLIDEPORTIVOS MUNICIPAIS

Horario	Tarefas a realizar	Tempo estimado
Previo á apertura	Limpeza e desinfección xeral instalación e ventilación	120´
Xornada de mañá: <u>ACTIVIDADE LECTIVA</u>	GRUPO ACTIVIDADE LECTIVA 1	50´
	Ventilación e desinfección zonas comúns	30´
	GRUPO ACTIVIDADE LECTIVA 2	50´
	Ventilación e desinfección zonas comúns e limpeza aseos	30´
	GRUPO ACTIVIDADE LECTIVA 3	50´
	Ventilación e desinfección zonas comúns	30´
Peche	Limpeza e desinfección xeral instalación e ventilación	90´
Xornada de tarde: <u>ACTIVIDADE DEPORTIVA</u>	GRUPO ACTIVIDADE 1	60-90´
	Ventilación e desinfección zonas comúns	30´
	GRUPO ACTIVIDADE 2	60-90´
	Ventilación e desinfección zonas comúns e limpeza aseos	30´
	GRUPO ACTIVIDADE 3	60-90´
Peche	Ventilación zonas comúns	30´

CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS E PISTA DE ATLETISMO VERÓNICA BOQUETE DE SAN LÁZARO

Horario	Tarefas a realizar	Tempo estimado
Previo á apertura	Limpeza e desinfección xeral instalación e ventilación	120´
Xornada de tarde: <u>ACTIVIDADE DEPORTIVA</u>	GRUPO ACTIVIDADE 1	60-90´
	Ventilación e desinfección zonas comúns	30´
	GRUPO ACTIVIDADE 2	60-90´
	Ventilación e desinfección zonas comúns e limpeza aseos	30´
	GRUPO ACTIVIDADE 3	60-90´
	Ventilación e desinfección zonas comúns	30´
	GRUPO ACTIVIDADE 4	60-90´